

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 20 de setembro de 2013 pola que se decláran de utilidade pública asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iniciativa das correspondentes asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e establece que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

Logo de solicitude das asociacións, foron instruídos os expedientes de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e nestes consta a documentación e os informes previstos na citada norma.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública emitidos polos instrutores dos expedientes,

RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

- Federación Gallega de Bancos de Alimentos, inscrita no rexistro central de asociacións co número 2007-180-2.
- Federación Gallega de Enfermedades Raras e Crónicas, inscrita no rexistro central de asociacións co número 2009-201-2.
- Asociación Redmadre Coruña, inscrita no rexistro provincial de asociacións da Coruña co número 2008-11961-1.



• Asociación Banco de Alimentos de Lugo, inscrita no rexistro provincial de asociacións de Lugo co número 1996-1883-1.

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2013

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

